



## A Aula tudense da UNED, con 17 cursos de extensión

### REDACCIÓN.

TUI

■ ■ ■ Un total de 17 cursos de extensión universitaria, distribuídos en tres áreas, son os que impartirá a Aula da UNED de Tui no último trimestre deste ano. Así o explicaron esta mañá o alcalde de Tui, Moisés Rodríguez, e a coordinadora da Aula da UNED de Tui, Margarita Pino, na presentación destas actividades xunto á concelleira de Educación, Vanesa Rodríguez, e a de Servizos Sociais, Olga Montes.

Os cursos previstos estrutúranse en torno a tres áreas: idiomas, educación, e varios. Así por unha banda en idiomas, céntrase en inglés, alemán, francés e portugués. Xa no apartado referido a educación por unha parte figura dous cursos de lingua de signos, e outro de desafíos infantís. Por último nunha área máis xeral levaranse a cabo cursos de fotografía, iniciación ao teatro e ás artes escénicas, así coma un taller de agricultura ecolóxica, informática e outro de alimentación e saúde. A duración dos cursos vai das 15 e ás 30 horas.